



BASES DE COMPETICIÓN E REGULAMENTO CUARTA EDICIÓN TORNEO 3X3 NA RÚA FUNDACIÓN BREOGÁN



1. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN:

- Benxamín + Alevín MIXTO primeiro ano: 2014-2015-2016 (11, 10 e 9 anos)
- Alevín Masculino segundo ano + Infantil: 2011-2012-2013 (14, 13 e 12 anos)
- Alevín Feminino segundo ano + Infantil: 2011-2012-2013 (14, 13 e 12 anos)
- Cadete + Xunior Masculino: 2007-2008-2009-20010 (18, 17, 16 e 15 anos)
- Cadete + Xunior Feminino: 2007-2008-2009-20010 (18, 17, 16 e 15 anos)

* De cada categoría, haberá un máximo de 8 equipos e un mínimo de 6 **(agás a categoría benxamín/alevín que terá un máximo 12 equipos e un mínimo de 4)**.

* En función do número de equipos de cada categoría, elixirase o sistema de competición máis oportuno, tratando de xogar como mínimo, 3 encontros cada equipo.

* No caso de non acadar o número mínimo de equipos inscritos nalguna das categorías, a organización poderá decidir que se compita conxuntamente, xuntando os equipos femininos e masculinos, ou mesmo cancelar o torneo desa categoría.

2. INFORMACIÓN A TER EN CONTA:

- Cada equipo contará como mínimo con tres xogadores/as e un máximo de catro, determinándose á hora da inscrición, o nome do/a capitán/a ou representante.

- Inscibiranse cun nome de equipo e facilitarán tódolos datos requeridos de cada xogador/a así como dun/dunha responsable que deberá dispor de teléfono móvil. No caso de menores necesitarase a autorización asinada por pai, nai ou titor/a legal.

SÓ SE INFORMARÁ Á PERSOA DESIGNADA NA INSCRIPCIÓN COMO RESPONSABLE DO EQUIPO.

- Unha vez realizada a inscrición non se devolverá a cota por ningunha causa, agás por cancelación do torneo por parte da organización, onde se devolvería íntegramente o abono.

- Tódalas categorías competirán en canastra grande (3,05m) con balón talla 6, específico de baloncesto 3x3, **agás a categoría Benxamín /Alevín que que xogará en canastra pequena (2,60m).**

- Os/as participantes poderán inscribirse nunha categoría inmediatamente superior, pero nunca nunha inferior á correspondente por idade.
- En función do número de equipos inscritos, a organización determinará os cruces entre os mesmos e os tempos máximos de xogo de cada un (o tempo estándar será de 10 minutos por encontro). **Tamén, en función das inscricións en cada categoría, existirá a posibilidade de ampliar ou reducir o número de equipos inicialmente indicado para cada categoría.**
- Cada equipo deberá acudir con 2 camisetas (ou camiseta reversible) por xogador/a de distinta cor, para distinguirse ben do equipo contrario durante os encontros.
- Os horarios de cada categoría publicaranse o xoves anterior á competición nas redes sociais da Fundación Breogán e enviaranse aos/ás responsables de cada equipo por WhatsApp.
- A non comparecencia por parte dun equipo a un encontro, poderá supoñer a súa inmediata descalificación do torneo.
- Para recoller todos os agasallos, os/as responsables de cada equipo terá que facer un “Check-In” do seu equipo pasando pola carpa da Fundación.

3. SISTEMA DE COMPETICIÓN.

- Xogarase, nunha primeira fase, en formato liga con dous grupos confeccionados a sorteo (ou cun grupo único se o número de inscricións nos fose adecuado para confeccionar dous), enfrontándose cada equipo con cada un dos encadrados no seu grupo. Esta primeira fase dará acceso a unha serie de cruzamentos directos a un só partido eliminatorio, ata chegar á final.
- A clasificación se elaborará en función do número de vitorias e puntos conseguidos. Cada partido gañado suporá 2 puntos, o partido perdido, sumará 1 punto.
- En caso de empate a puntos ao final da liga, para establecer a orde definitiva se procederá do seguinte modo:
 - a) Se son dous os equipos empatados, establecerase a súa clasificación tendo en conta o resultado disputado entre ambos. O que gañara ese enfrontamento, clasificarase como primeiro dos dous.
 - b) Se son máis de dous os equipos empatados, establecerase a súa clasificación en función dos puntos a favor anotados durante toda a liga. No caso de ter os mesmos puntos a favor anotados, terase en conta o resultado directo entre os implicados.
- Clasificaranse para os cruzamentos os equipos que queden nas posición de acceso que a organización determine ao finalizar a disputa de todos os partidos da primeira fase. Os cruzamentos levaranse a cabo de xeito que o equipo con mellor puntuación se enfronte co que menos puntos acadara dos clasificados, o segundo da liga regular contra o penúltimo clasificado e así sucesivamente ata conformar o cadro desta segunda fase de competición no caso de tratarse dun grupo único. De existir dous grupos na fase inicial da competición, cruzaríase o primeiro do grupo A co derradeiro clasificado para esa fase do grupo B, o primeiro do grupo B co equipo clasificado con menor puntuación do grupo A, e así sucesivamente. Os gañadores de cada emparellamento accederá ao seguinte chanzo ata chegar á final.

O sorteo para definir os grupos das fases de liguiña, celebrarase **o propio día de competición, ás 15:30h, no stand da Fundación Breogán nas pistas exteriores do Pazo Dos Deportes**. O devandito sorteo definirá o número asignado a cada equipo e cal será o grupo no que disputará a primeira fase de competición e por tanto o calendario cos horarios de xogo.

4. REGULAMENTO.

CANCHA	Pistas exteriores do Pazo dos Deportes de Lugo
BALÓN	Balón específico do formato 3x3
XOGADORES/AS	3 en pista + 1 cambio <i>Os encontros obrigatoriamente teñen que comezar con 3 xogadores na pista</i>
ARBITRAXE	1+1 auxiliar de mesa
TEMPOS MORTOS	1 por equipo de 45"
ANOTACIÓN	1 punto por canastra (2 detrás do arco) Determinarase cun lanzamento de moeda ao aire <i>O equipo que gaña o lanzamento da moeda, decidirá se prefire facer uso da primeira posesión ou se a cede ao contrario permutando por esa primeira posesión nunha posible prórroga</i>
1ª POSESIÓN	
DURACIÓN	10' a tempo corrido agás o derradeiro minuto de xogo ou cando un equipo chega a 15 puntos con diferenza de dous.
PRÓRROGA	Gaña o partido o equipo que antes anota 2 puntos
RELOXO DE POSESIÓN	12" cunha conta atrás durante os derradeiros 5" de posesión Límite de 6 por equipo As 7ª, 8ª e 9ª falta, conlevará unha penalización de dous tiros libres (non existe o 2+1). A 10ª falta e posteriores se sancionan con dous tiros libres e posesión
FALTAS	A falta de tiro penalízase cun tiro libre (2 se a falta é despois do arco) Unha falta técnica sofre un tiro libre, sen cambio de posesión. A antideportiva e a descalificante , serán 2 tiros libres e posesión de balón. Computando como 2 faltas para o equipo infractor.
POSESIÓNS	Despois de canastra convertida , balón para a defensa xusto debaixo do arco. O balón ten que chegar a un/unha xogador/a máis alá do arco. Despois de balón parado . Intercambio de balón (checkball) detrás do arco (na parte superior) Despois de rebote ofensivo ou roubo . O balón ten que chegar a un xogador/a detrás do arco. Despois de salto . Posesión para a defensa.
SUSTITUCIÓNS	Con balón parado, antes do checkball dun tiro libre ou durante os tiros libres, o/a sustituto/a pode entrar á cancha despois de que o/a seu compañeiro/a salga da mesma e de establecer un contacto físico con él/ela detrás da liña de fondo oposta á canastra. <i>Non require de ningunha acción por parte dos árbitros ou oficiais de mesa</i>